

Ensemble Barbaroco & Marco Orsini-Brescia

Glosas de ouro. Luz e esplendor do Renacemento

Eliaz Hercelin, viola soprano e dirección

Claire Gravelines, viola tenor

Hyérine Lassalle, viola baixo

Lukas Schneider, viola baixo

Ilan Hercelin, percusión

Marco Orsini-Brescia, órgano

Domingo 20 de abril de 2025, 20.00 h, igrexa do convento do Carme

Organiza

Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica

Concepto e dirección artística

Belén Bermejo López

Asesoría musical, investigación e documentación

Andrés Díaz Pazos

Redacción

Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Revisión lingüística

Elvira Ribeiro Tobío

Coordinación, imaxe e comunicación

Sirgo Torcendo

Maquetaxe

Cátia Leite

Producción técnica

Goyplasón S.L.

Asistencia á produción

Miraxe, S. Coop. Galega

Imprime

Lápices 4

Agradecementos

_Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares

_Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara

_Comunidade de Carmelitas Contemplativos de Santiago de Compostela

_Consello Local da Orde Franciscana Regular

_Real e Ilustre Confraría Numeraria do Rosario de Santiago de Compostela

_Xan Gómez Viñas, socio traballador de NUMAX

_Todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que, coa súa colaboración, fixeron posible este proxecto

O programa *Glosas de Ouro*, do conxunto *Barbaroco* achéganos unha visión do *consort* de violas como un concerto de voces que se escoitan, que dialogan, que improvisan... que cantan. Os músicos fan seu un repertorio vocal, mostra da riqueza da polifonía do Renacemento español, para ofrecer unha interpretación instrumental diferente e orixinal, mediante o uso de diminucións (glosas) e diferentes arranxos. O programa é o froito dunha investigación musicolóxica levada a cabo por Eliaz Hercelin no marco dun mestrado en investigación e interpretación desenvolvido na Universidade da Sorbona e no Conservatorio de París.

A finais do século XV, o rumbo da historia na Península Ibérica experimentou un momento decisivo. Despois da guerra civil, os Reis Católicos, Isabel I de Castela (1451-1504) e o seu esposo Fernando II de Aragón (1452-1516), accederon ao trono. En 1479 crearon a coroa de España: os reinos de Castela e Navarra, así como a coroa de Aragón (coas súas posesións italianas: os reinos de Nápoles e Sicilia), quedaron a partir de entón nas mans da monarquía española. Finalmente, a toma de Granada en 1492 culminou a unificación da Península baixo o poder cristián e puxo fin a oito séculos de influencia árabe. Uns meses máis tarde, un mariñeiro cidadán da República de Xénova pero financiado por Isabel I descubriu o Novo Mundo. España entraba así no seu Século de Ouro convertida, durante aproximadamente cen anos, no estado máis rico, extenso e poderoso de Europa. Paralelamente ás ansias colonizadoras, España desenvolve tamén un amplo labor de mecenado que levará consigo un florecemento das artes, da técnica e das ciencias. No que respecta unicamente á música, a nova elite de aristócratas e empresarios actuará por catro vías principais: a encargada de obras, a recompilación por copia manuscrita de repertorios escollidos polos propios mecenas e a publicación en luxosas edicións, realizadas grazas á recente invención da imprenta musical, da obra de compositores contratados ao efecto. Por último, tamén contratarán grupos de músicos para interpretar eses repertorios compostos por tan reputados autores. Deste Século de Ouro chegaronnos ata hoxe os primeiros cancioneros de polifonía profana española: o *Cancionero de la Colombina* e o *Cancionero de Palacio*. O primeiro, destinado á aristocracia sevillana, reflicte un repertorio máis arcaico, influenciado pola escola franco-flamenga. En gran parte, estas composicións son *villancicos* (un xénero erudito derivado de cantos populares). Neste cancionero atópase a peza de Francisco de la Torre, *Dime triste corazón* (que inclúe a famosa liña de baixo *La Folía*), que escoitaremos no concerto. En 1534,

Fernando Colón, humanista e bibliófilo apaixonado, fillo do famoso explorador, adquiriu este cancionero para a súa rica biblioteca en Sevilla. Pola súa banda, o *Cancionero de Palacio*, conservado na Biblioteca Real de Madrid, foi copiado máis tarde. O seu repertorio, máis amplo e semellante ao da *Colombina*, adoita estar enriquecido con polifonías a catro voces. Tres pezas do concerto de hoxe, *Oh desdichado de mi*, *Ojos morenicos* e *O Voy*, atópanse neste importante cancionero.

O movemento humanista, xunto co florecemento da literatura, das artes e das ciencias, animou toda Europa durante o Renacemento. Cara a 1450, a invención da imprenta de caracteres móbiles por Johannes Gutenberg contribuíu enormemente á difusión deste florecente movemento cultural: o acceso ao coñecemento acadou un nivel sen precedentes. En 1472, Juan Parix, un impresor alemán establecido en Segovia, elaboraría o primeiro libro español. Outros obradoiros de impresión fundáronse tamén en Barcelona, Burgos, Salamanca, Zaragoza e Valencia. En 1578, publicouse en Madrid o libro *Obras de música para tecla, arpa y vihuela*, que reúne un gran número de composicións de Antonio de Cabezón, organista español ao servizo do emperador Carlos V e, posteriormente, de Felipe II. En 1553, en Roma, Diego Ortiz, célebre compositor e violista español ao servizo da capela real de Nápoles, publicou o seu famoso *Trattado de glosas*. Destinado a intérpretes de viola de gamba, este tratado ensina a arte da diminución (variación melódica e ornamentación). Nas súas elegantes *recercadas*, Ortiz demostra o seu dominio das variacións sobre composicións preexistentes, moi coñecidas na altura, xa fosen composicións vocais, melodías ou baixos instrumentais, como é o caso de *La Spagna* e *La Folía*.

Eliaz Hercelin

As pezas de órgano que serán interpretadas hoxe para acompañar o conxunto instrumental, proceden todas da fecunda creatividade do organista de cámara de Felipe II, Antonio de Cabezón, agás unha do seu fillo, Hernando. Foi precisamente este último quen, tras superar moitos atrancos, logra publicar en 1578 *Obras de música para tecla, arpa y vihuela*, colección que, nas súas propias palabras, recolle as "migajas que cayeron de la mesa de mi padre". Ese escaso cento de "faragullas", porén, constitúen un dos monumentos de música para órgano máis importantes de toda a historia. De entre elas, seleccionáron-

se pezas co título de diferenzas, en consonancia co título do programa, baseadas en melodías moi coñecidas na altura, e tamén variacións instrumentais sobre composicións doutros autores, daquela tamén moi difundidas. Ao primeiro grupo pertencen, por exemplo, as diferenzas sobre a melodía de *La dama le demanda*, a *Gallarda Milanese* ou *El canto del caballero*. Esta última era extremadamente popular, ata o punto de que sobre ela comporía outra excelente obra instrumental a seis voces Nicolás Gombert, quen fora mestre de capela de Carlos V. Ao segundo grupo pertencen as variacións sobre o madrigal *Un gay berger*, de Tomás Crequillon, e sobre unha *chanson* do francés Pierre Sandrin, *Doulce mémoire*. Cabezón adoita presentar, nun primeiro intre, a melodía harmonizada a catro voces, de xeito sinxelo, na máis aguda delas. Logo encadea unha serie de variacións, de contrapunto libre, nas que a melodía pode aparecer citada literalmente, ou de xeito fragmentario, en calquera das outras voces. A maxistral elegancia que Cabezón acadou neste conxunto de pezas segue causando hoxe en día asombro, abstraendo ao ouvinte do século XXI cos seus sorprendentes excursos musicais, de xeito non moi diferente a como facía na súa época. No ano 1548, na catedral de Xénova, a capela musical do entón príncipe Felipe acompañaba a misa pontifical. O historiador e humanista Calvente de la Estrella, aio do príncipe e presente naquel evento, describe a “gran admiración de todo el pueblo de ver la solemnidad con que se hacía y con tan divina música y de tan escogidas voces y de oír la suavidad y extrañeza con que tocaba el órgano, el único en este género de música, Antonio de Cabezón, otro Orfeo de nuestros tiempos”.

Andrés Díaz Pazos

Programa

Antonio de Cabezón
(1510-1566)

Diferenzas sobre o canto de *La dama le demanda*
(órgano só)

Diego Ortiz
(c. 1510-c.1576)

Recercadas primeira e segunda (sobre *La Spagna*)

Vincenzo Ruffo
(1508-1587)

La Gamba in basso e soprano

Anónimo
(c. 1520)

La paduana del re

Antonio de Cabezón

Diferenzas sobre *La Gallarda Milanesa*
(órgano só)

Garci Sánchez de Badajoz
(1460-1526)

Oh desdichado de mi

Antonio de Cabezón

Diferenzas sobre *El canto del caballero*
(órgano só)

Ancol que col partire

Francisco de la Torre
(1460-1504)

Dime triste corazón

Antonio de Cabezón

Canción francesa (Clemens non papa)
Un gay bergier
(órgano só)

Pedro de Escobar
(activo 1507-1514)

Ojos morenicos

Juan Román (?)
(activo 1495-1504)

O Voy (Pavana)

Hernando de Cabezón
(1541-1602)

Doulce mémoire
(órgano só)

Antonio de Cebrián
(1520-?)

Lágrimas de mi consuelo

Antonio de Cabezón

Tiento XVII
Pavana con su glosa

Diego Ortiz

Recercada octava sobre La Folía

Ensemble Barbaroco

O violista francés Eliaz Hercelin, nado en Versailles, é o fundador e director do conxunto Barbaroco creado en 2018 xunto a outros músicos e músicas apaixonados pola música antiga e barroca. Co mellor da súa arte, honran a Euterpe co emprego nos seus programas de concerto de violas de gamba, do violín, o violonchelo, o cravo, a tiorba, a guitarra e as percusións. Para o maior pracer do público de hoxe en día, interpretan unha delicada selección de partituras de outrora creando un universo sutil e contrastado. Con sede en París, o conxunto Barbaroco presentouse principalmente na capital, pero tamén en festivais como o Festival de Saintes, Les Riches Heures de la Réole, Embarquement Immédiat, o Festival Marin Marais, Ecos Festival ou no directo do programa Générations France Musique. Todas estas ocasións permitiron a Barbaroco afirmarse como un conxunto cativador, enérxico e moi prometedor.

O grupo foi seleccionado en 2023 polo ECOS Festival e foi gañador do concurso de *ensembles* emerxentes do festival Les Riches Heures de la Réole. Recentemente foi seleccionado e programado polo Centro Cultural de Ambronay, onde se beneficiou dun “*coaching* de desenvolvemento”. Foi seleccionado tamén polo Festival de Saintes como grupo residente na Abbaye aux Dames en outubro de 2025 para desenvolver o seu programa *Glosas de Oro, Esplendor do Renacemento español*.

Eliaz Hercelin

Nado en Nantes, de nai española e pai francés, Eliaz Hercelin pasa a súa infancia nunha vila de Castela, España, onde descobre a súa paixón pola música e a pintura. Comeza tocando o acordeón e o baixo eléctrico. En 2009, funda un grupo de jazz, Quartetto Minimo, co que realiza varias xiras, grava cinco álbums e obtén varios premios (entre os que destaca o INJUVE 2019).

En 2012 instálase en Toulouse para estudar contrabaixo e viola da gamba no Conservatorio Rexional. É en Versailles onde se especializa en repertorios antigos, en violone e viola da gamba. Alí obtén unha licenciatura en interpretación histórica baixo a tutela da violista Emmanuelle Guigues e un mestrado en investigación e interpretación na Universidade da Sorbona e o

Conservatorio de París, baixo a dirección de Théodora Psychoyou e Guido Balestracci.

O violagambista Eliaz Hercelin Sanz crea o Ensemble Barbaroco no ano 2018 en Versailles. O *ensemble* interpreta unha delicada selección do repertorio Renacentista e Barroco europeo. Os ambientes creados son sutís, cheos de contrastes. Cunha presenza escénica magnética e unha enerxía contaxiosa, o Ensemble Barbaroco conquistou rapidamente escenarios prestixiosos coma o Festival de Saintes, Festival de Ambronay, Les Riches Heures de la Réole, Embarquement Immédiat, Festival du Château de l'Hermitage, Festival Marin Marais, Ecos Festival e aparicións en directo na radio nacional France Musique, ocasións nas que o conxunto puido afirmarse como *ensemble* capaz de entusiasmar e cativar o público de hoxe con enerxía e frescura. O Ensemble Barbaroco foi galardoado en 2023 polo Festival ECOS e obtivo o primeiro premio de *ensembles* emerxentes do festival Les Riches Heures de la Réole. A súa traxectoria levounos a ser programados en festivais de renome como o Festival de Ambronay e o Festival de Saintes, e foron seleccionados para residencias artísticas no Centro Cultural de Ambronay, l'Abbaye au Dames de Saintes e La Cité de la Voix en Vézelay, onde van desenvolver novos proxectos e han afondar na súa investigación musical.

A participación de Eliaz, o director artístico, no proxecto MUSAE do goberno español, ofreceulle a oportunidade de levar a súa música a espazos únicos, coma o Museo do Greco, onde a súa interpretación cobra unha nova dimensión, pois fusiona arte e patrimonio cultural. Esta proposta abriulle un camiño prometedor como solista, o que complementa o seu labor á fronte de Barbaroco.

Marco Orsini-Brescia

Organista italiano de orixe brasileira, Marco Orsini-Brescia é un multinstrumentista de tecla (piano, órgano, cravo, clavicordio). Orsini-Brescia desenvolve unha extensa carreira artística actuando nos máis prestixiosos festivais internacionais de música e salas de concertos de Italia, España, Portugal, Francia, Inglaterra, Irlanda do Norte, Suíza, Alemaña, Polonia, Eslovaquia, Hungría, Brasil, Perú e Panamá. As clases recibidas de José Luis González Uriol nos cur-

sos de música antiga de Daroca supuxeron, sen dúbida, un punto de inflexión no seu desenvolvemento artístico. É titular dun mestrado de interpretación de música antiga e órgano histórico pola Escola Superior de Música Antiga de Catalunya / Universitat Autònoma de Barcelona, realizado baixo a supervisión de Javier Artigas, no que lle foi concedida a cualificación de matrícula de honra, así como dun doutoramento en musicoloxía histórica (Universidades Paris IV – Sorbonne / NOVA de Lisboa), co que obtivo tamén a máxima cualificación de *très honorable à l'unanimité*. Actualmente é investigador integrado do CESEM – Centro de Estudos de Socioloxía e Estética Musical / Facultade de Ciencias Sociais e Humanas – Universidade NOVA de Lisboa. Xunto á soprano Rosana Orsini gravou no órgano histórico de Manuel de la Viña e Ramón Cardama do convento de Santa Clara de Santiago de Compostela (1713/1865) o disco *Angels and Mermaids: religious music in Oporto and Santiago de Compostela (18/19 century)* (Arkhé Music, 2016). O seu disco *Zipoli in Diamantina: complete organ works* (Paraty / PIAS – Harmonia Mundi, 2020) foi amplamente aclamado pola crítica internacional e foi *disque recommandé* da revista Diapason e gravación destacada da revista Scherzo. Ademais, foi retransmitido pola Bayerischer Rundfunk. Recentemente, Orsini-Brescia interpretou o clavicordio no quinto disco da primeira gravación completa das *Flores de Música para o Instrumento de tecla, & harpa (1620)*, de Manuel Rodrigues Coelho (Inventa Records, 2025), unha colección que reúne os máis destacados intérpretes actuais de tecla e arpa histórica de Portugal.

O órgano

O convento de clausura das Carmelitas Descalzas é un dos máis tardíos dos construídos na cidade de Santiago. Data do ano 1758, e foi fundado por María Antonia de Xesús, nada en Curtis en 1700 e membro dunha rama menor da nobreza galega (o seu nome no mundo era María Antonia de Pereira y Andrade). María Antonia, que chegou a casar e ter dous fillos, aprenderá a ler e escribir de xeito autodidacta aos 28 anos. O manuscrito da súa autobiografía describe unha vida e evolución espiritual imposibles de condensar en poucas liñas, ao final das que cumprirá a súa principal arela: profesar e fundar un mosteiro de carmelitas en Galicia. Morre en Compostela, neste mesmo mosteiro, pouco despois da fundación, en 1760.

O órgano do convento foi construído no ano 1868 polo organeiro natural de Palencia José Otorel. Otorel era, xa daquela, un organeiro cunha sólida traxectoria desde que entrara como aprendiz a traballar co anterior organeiro da catedral palentina, Leandro Garcimartín. Nesa catedral ocupará o cargo de organeiro desde 1838, cargo que continuaba a ocupar cando constrúe este órgano, como se pode ler na inscrición que se atopa no seu interior: *Hizo este órgano José Otorel Maestro Organero de la Sta Iglesia Catedral de Palencia en el año del Señor de 1868*. O órgano é un instrumento adaptado para o uso dun coro conventual e, polo tanto, de proporcións modestas. Ten un teclado de 56 notas partido, como era habitual aínda nesa altura, con 8 rexistros en cada man, para poder usar timbres diferentes na parte aguda e na parte grave.

Este órgano de José Otorel é o único que, ata onde sabemos, construíu en Galicia. Porén, o seu fillo Juan Otorel, que herdaría o posto do pai na catedral de Palencia, construíu en 1883 un órgano para a igrexa parroquial de Verín. Este instrumento, froito da munificencia de José García Barbón, que era natural desa vila, desapareceu infelizmente no ano 2000. Tamén foi comisionado para reconstruír o órgano do convento do Carme de Padrón en 1888. Cómpre destacar que, desde séculos atrás, había unha especial conexión entre Galicia e os mestres organeiros da catedral de Palencia. Por exemplo, outro organeiro desa catedral, José de Arteaga, será o encargado de edificar os órganos barrocos da catedral de Lugo no ano 1703. Juan Francisco de Toledo, que ocupará o mesmo posto que Arteaga unhas décadas despois, fará unha fonda reforma dos órganos da catedral de Tui entre 1754 e 1755. Precisamente un organeiro galego natural de Tui, Antonio Rodríguez de Carbajal, será pola súa vez organeiro en Palencia entre 1725 e 1745.

www.compostelacultura.gal

ATÉ MÁIS VER!



COLABORAN:

